

DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente nº: 469/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións por Concorrenza Competitiva

MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A FAMILIAS PARA MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2025/2026 DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACION PRIMARIA E SECUNDARIA, FP BÁSICA, BACHARELATO, E PARA GASTOS DE DESPRAZAMENTOS PARA ESTUDANTES DE CICLOS MEDIO OU SUPERIOR E UNIVERSITARIOS

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. Que segundo resolución de data 19 de agosto de 2025 se aprobaron as bases de axudas a estudantes para o curso 2025/2026, para facilitar o acceso a escolaridade e educación a todos os niveis educativos da veciñanza do concello das Somozas, entendendo que o acceso á educación é primordial para evitar situacións de risco de exclusión social así como a promoción e o acceso á cultura como un paso importante para asegurar o acceso igualitario a tódolos niveis de ensinanza das persoas máis vulnerables.
2. Que no punto 4 (Contías das axudas), das citadas bases, se especifica “O importe total das axudas non poderá superar o importe total consignado no presuposto municipal na aplicación orzamentaria 334.480.00 por un importe global de 12.000,00 €. No caso de que a cantidade total exceda do importe consignado realizarase unha minoración proporcional na contía de todas as axudas concedidas”
3. Que tras revisar todas as solicitudes presentadas e comprobar que o crédito total non é suficiente, e para non ter que realizar a minoración proporcional de todas as axudas

RESOLVO

Primeiro. Modificar as bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas a familias para material escolar para o curso 2025/2026 de educación infantil, educación primaria e secundaria, FP básica, bacharelato, e para gastos de desprazamentos para estudantes de ciclos medio ou superior e universitarios, redactadas polo departamento de Servizos Sociais. Consistindo a modificación no seguinte:

BASE 4. Contías das axudas, queda como sigue:

O importe total das axudas non poderá superar o importe total consignado no presuposto municipal na aplicación orzamentaria 334.480.00 por un importe global de 12.700,00 €

Segundo. Publicar a presente modificación das Bases Reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas a familias para material escolar para o curso 2025/2026 de educación



Concello de As Somozas

infantil, educación primaria e secundaria, FP básica, bacharelato, e para gastos de desprazamentos para estudantes de ciclos medio ou superior e universitarios nos taboleiros de Anuncios da Sede Electrónica e do Concello de As Somozas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

